



Mugardos, 20 de marzo de 2022

Estimadas familias:

Unha vez superado o segundo trimestre do curso e, polo tanto, comezando o período da terceira avaliación, debemos informar dos cambios importantes que afectan ao desenvolvemento do calendario final e mais ao procedemento de avaliación na ESO. Estas modificacións débense á implantación da nova lexislación educativa (LOMLOE) e a conseguinte actualización da normativa de avaliación do sistema educativo de Galicia¹.

A este respecto, cómpre ter en conta os seguintes puntos:

Calendario final

- O terceiro trimestre abranguerá ata o 6 de xuño. Nesa semana entregarase ao alumnado ESO un boletín de notas da terceira avaliación.
- A asistencia ás clases seguirá sendo obrigatoria ata o 22 de xuño. Nestas semanas lectivas realizaranse actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.
- A finais do mes de xuño entregaranse as notas da avaliación final. Será a única e definitiva para a promoción ou titulación na ESO.
- **IMPORTANTE:** na ESO desaparece a avaliación extraordinaria, non haberá convocatoria nin en xuño nin en setembro.

Promoción de curso (1.º, 2.º e 3.º ESO)

- Acadará a promoción dun curso ao seguinte o alumnado que supere todas as materias ou teña suspensas unha ou dúas. Para o cómputo das materias suspensas consideranse tanto as do propio curso como as pendentes de cursos anteriores.
- Promocionarán con máis de dúas suspensas, se a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual o superior a cinco e, ademais, o equipo docente por decisión colexiada considera oportuna a promoción.

Titulación (4.º ESO)

- Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias.
- Ademais, o equipo docente poderá decidir de xeito colexiado a titulación dun alumno/a con materias suspensas se a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a cinco.

Matrícula de Honra (4.º ESO)

- Concederase matrícula de honra aos alumnos e alumnas que logo da avaliación de 4.º ESO obtivesen unha nota media igual ou superior a nove. O número das mencións non será superior ao cinco por cento do total do alumnado matriculado no cuarto curso.

Todos estes cambios xa foron aprobados polos órganos de goberno do centro e teranse en conta para a aplicación definitiva das programacións didácticas.

Serafín Álvarez Rodríguez
Director do IES de Mugardos

¹ [Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia](#)